

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 6 DE OUTUBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

- Proxecto de Lei do deporte de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada EP-7205, variante Forcarei (2030m) da EP-7208 (900m), EP-7201 (400m), EP-7001 (A Estrada-Forcarei) a prol do Concello de Forcarei.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda II ao Acordo marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para o desenvolvemento de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e de implantación e desenvolvemento de enerxías renovables. Importe total de catrocentos corenta e tres mil cinco euros (443.005,00€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do parque empresarial Ponte do Porto no concello de Camariñas como de incidencia supramunicipal.
- Acordo polo que se aprobaba definitivamente a modificación do proxecto sectorial do parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas (Pontevedra).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para a coordinación de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de implantación de enerxías renovables, por importe máximo de setenta e dous mil catrocentos corenta euros con setenta céntimos (72.440,70 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2196,21 metros cadrados feita a título gratuito polo Concello de Cangas (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á ampliación do centro de saúde en Cangas, parroquia do Hío.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período do último trimestre do ano 2011 e do primeiro semestre do ano 2012, dentro do Programa para promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego. Importe total de oito millóns cincuenta mil euros (8.050.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto do proxecto "Liña de alta tensión a 66 KV Ponte Caldelas-Pazos de Borbén sobre a que cualifica os montes veciñais en man común Regodobardo, Aranza, Ermida e Amoedo" pertencentes respectivamente ás comunidades de Regodobardo, Aranza, A Ermida e Amoedo e situados nos concellos de Ponte Caldelas, Soutomaior e Pazos de Borbén. A superficie de afección que corresponde a cada monte é, pola orde en que se enunciaron: 33226 m<sup>2</sup>, 21136 m<sup>2</sup>, 5016 m<sup>2</sup> e 39614 metros cadrados.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza o expediente para validación de gastos (zonas C, agosto 2011) por un importe total de catrocentos cincuenta e catro mil, cento vinte euros con dezasete céntimos (454.120,17 euros).

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a situación de incapacidade temporal no Servizo Galego de Saúde.

## A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DO DEPORTE DE GALICIA QUE ADAPTA O MARCO LEGAL Á ACTUAL REALIDADE DO DEPORTE GALEGO, SENTANDO AS BASES DO SEU DESENVOLVEMENTO FUTURO

- *A nova norma recoñece o deporte como actividade de interese público para a Comunidade Autónoma, e subliña as especiais funcións que desempeña no conxunto da sociedade, especialmente nos eidos da educación, a cultura, a mellora da saúde pública e o fomento da cohesión social e o desenvolvemento*
- *Logo dos 14 anos de experiencia acumulados dende a entrada en vigor da Lei xeral do deporte de Galicia, o texto reformula importantes aspectos do feito deportivo de Galicia, tales como as funcións das distintas administracións públicas, os axentes deportivos, as competicións, o deporte de alto nivel ou a protección da saúde do deportista e a loita contra a violencia no deporte.*
- *Nestes dous últimos ámbitos, e como unha das novidades respecto do texto do 97, o proxecto inclúe dous títulos dedicados especificamente á prevención e loita contra a dopaxe e a represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde do deporte*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o anteproxecto de Lei do deporte de Galicia que ten como obxectivo adaptar o marco legal galego á actual realidade do deporte na nosa Comunidade, así como asentar as bases para o seu pleno e máis eficaz desenvolvemento.

Na procura desta finalidade efectúase, logo de recoñecer o deporte como unha actividade de interese público para a Comunidade Autónoma e de subliñar as especiais funcións que desempeña no conxunto da sociedade, unha reconsideración do modelo deportivo e das distintas responsabilidades que, respecto deste, teñen os distintos axentes, públicos e privados, intervenientes na realidade deportiva galega.

Logo da súa información pública e da participación dos axentes sociais involucrados, como federacións deportivas, colexios profesionais, FEGAMP ou Universidades, o texto vense está conformado por 161 artigos, agrupados en nove títulos dos cales dous son totalmente novos respecto do texto do 97: a prevención e loita contra a dopaxe e a violencia e condutas contrarias á boa orde deportiva.

O proxecto, logo da súa tramitación e aprobación parlamentaria, substituirá á *Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeneral do deporte de Galicia*.

### As claves da nova regulamentación

O texto do proxecto aséntase sobre a concepción do deporte iniciada e marcada polo Consello de Europa e as institucións comunitarias, perspectiva dende a cal, o proxecto da futura norma, define o deporte como *todo tipo de exercicio físico que, mediante unha participación organizada ou doutro tipo, teña como finalidade a expresión ou mellora da condición física e psíquica, o desenvolvemento de relacións sociais e/ou logro de resultados en competicións de todos os niveis*.

A partir desta conceptualización, o texto do proxecto aborda os distintos ámbitos vinculados ao feito deportivo. Así, e dende o recoñecemento da marcada voluntariedade que preside un gran número de manifestacións deportivas, ata o deporte de alto nivel - non ligado agora xa única e exclusivamente aos deportistas, senón aberto tamén a outros colectivos como os adestradores ou árbitros-, pasando pola xustiza deportiva onde, e entre outras novidades, se abre a posibilidade da arbitrase, o proxecto ven establecer o que se pretendan sexan as bases do futuro desenvolvemento do deporte en Galicia.

Tamén as administracións públicas, e as súas competencias, son abordadas polo texto hoxe aprobado no Consello, de forma que se pretende que responda á necesidade de conseguir que a actuación do conxunto dos poderes públicos se supedite a criterios e obxectivos comúns.

Pola súa banda, os axentes deportivos, auténticos principais dinamizadores da realidade deportiva galega, vense tamén considerados no texto. A reformulación das súas categorías, funcións e funcionamento, é abordada de xeito que se procure a súa simplificación e máxima operatividade.

Desta forma, e no concreto ámbito das entidades deportivas, o texto recolle as figuras dos clubs, as agrupacións deportivas escolares, as federacións deportivas e, finalmente, as seccións, categoría esta última novidosa e que virá a fomentar o asociacionismo deportivo entre as entidades, públicas e privadas, que queiran desenvolver actividades deportivas de carácter accesorio ó seu obxecto principal.

Pola súa banda, a norma reforza o papel de axentes colaboradores das federacións deportivas galegas en canto, por delegación, exercen funcións públicas de carácter administrativo. Desta forma, e o obxecto tamén de clarificar as súas funcións, o texto establece de forma concreta tanto as que son funcións propias das federacións deportivas –convocatoria das seleccións deportivas, elaboración dos regulamentos deportivos, etc.-, como aquelas de carácter público que a Administración lles delega –a organización das competicións oficiais autonómicas federadas ou expedición das licenzas, entre outras-.

Tamén no ámbito federativo, e superando un baleiro da norma do 97, establécese o réxime de responsabilidade dos presidentes, membros das xuntas directivas e órganos de dirección, no caso de actuacións dolosas ou culposas que ocasionen prexuízos ás súas federacións ao vulnerarse normas de obrigado cumprimento.

A procura da máxima seguridade na práctica deportiva atopa tamén reflexo no proxecto, mediante a exigencia de seguros de responsabilidade civil e a procura dunha práctica realizada coa asistencia sanitaria correspondente. Esta mesma liña de actuación, a

defensa do deportista, vese complementada coa protección da súa saúde a través dun título dedicado á prevención e loita contra a dopaxe.

Finalmente, o articulado do proxecto péchase cun marco de prevención e control das actuacións violentas e lesivas doutros valores constitucionais que poden atopar na vistosidade social da práctica deportiva unha forma de publicidade que lles dea dimensión e relevancia social.

### **A protección da saúde do deportista mediante a loita contra a dopaxe**

Coa inclusión deste título, a Xunta de Galicia desenvolve as previsións da Lei Orgánica 7/2006, de 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte, norma que ven a establecer a necesaria actuación das Comunidades Autónomas neste ámbito no caso das competicións deportivas autonómicas.

En consonancia coa regulamentación internacional e estatal, a Xunta busca con esta lei avanzar na protección da saúde dos deportistas, establecendo un marco que, adaptado á competición autonómica, impida que a dopaxe poida producirse na actividade deportiva. Con esta finalidade, todos os deportistas con licenza autonómica para participar en competicións oficiais terán a obriga de someterse, en competición e fóra de competición, aos controis que determine a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Este órgano créase para incidir na realización dunha política real e dimensionada de controis, axustada á normativa estatal actual, e contará coa colaboración das federacións deportivas e da Xunta.

Logo dunha serie de disposicións de carácter xeral -entre as que se recollen a antes referida obriga de someterse aos cotrois de dopaxe, as garantías destes e a competencia para a súa realización-, o título establece un réxime sancionador onde se recolle a responsabilidade dos deportistas, adestradores, médicos e persoal sanitario, directivos e outros colectivos, tipificándose tamén as infraccións e establecéndose, paralelamente, o réxime de sancións segundo o responsable das infraccións cometidas.

En definitiva, o conxunto desta nova previsión normativa dá cumprimento ao obxectivo de protección da saúde, pública e individual, no deporte galego, adoptándose medidas contra esta lacra do dopaxe que, ademais de atacar o xogo limpo da competición, pon en grave risco a vida dos nosos deportistas.

## **A XUNTA APROBA UN DECRETO QUE FACILITA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS E OUTORGA MAIOR FLEXIBILIDADE ECONÓMICA AOS CONCELLOS GALEGOS**

- ***A nova norma é froito da colaboración entre a FEGAMP e o Goberno autonómico e dá solución a unha das reivindicacións clásicas do municipalismo galego***
- ***Ademais de homoxeneizar e simplificar a burocracia achega unha maior transparencia a este tipo de axudas e garante o pagamento aos provedores en 60 días***
- ***A subvención entenderase xustificada sen necesidade de que os concellos teñan que adiantar o pagamento, motivo polo cal moitos concellos tiñan que renunciar ás axudas***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. Este novo decreto homoxeneiza e simplifica a burocracia nos expedientes de concesión de subvencións aos concellos, dando solución a unha das reivindicacións clásicas do municipalismo galego; ao tempo que achega unha maior transparencia a este tipo de axudas e lles facilita o seu labor ás entidades municipais.

A nova norma é froito da colaboración institucional entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Xunta de Galicia, que na súa última xuntanza de seguimento do Pacto local xa artellaran a posibilidade de simplificar o procedemento de concesión de subvencións ás entidades locais galegas e introducir mecanismos de eficiencia neste sector.

Entre as características e as melloras principais do texto destaca o feito de que a subvención se entenderá xustificada sen necesidade de que os concellos teñan que adiantar o pagamento, o que lles dará maior flexibilidade económica. Ata o de agora, os concellos tiñan que adiantar o pago aos terceiros e acreditar que tiñan a obra pagada antes de recibir a subvención, polo que algúns tiñan que renunciar a ela porque non tiñan cartos para adiantalos. Agora os concellos poden recibir a subvención coa certificación, aprobación e verificación da execución do investimento de que é obxecto a subvención.

Ademais, coa entrada en vigor deste decreto, todas as subvencións que conceda a Xunta de Galicia serán xustificadas polos concellos do mesmo xeito, especificando a documentación básica segundo sexan para gastos correntes, para investimentos ou para obras realizadas pola administración.

O decreto inclúe tamén unha cláusula de seguridade que obriga os concellos a pagar en sesenta días aos provedores, garantindo así que reciben os cartos polas actuacións que realicen. Ademais, os concellos que non teñan as contas presentadas ante o Consello de Contas a partir do ano 2010, non recibirán subvencións.

A Xunta de Galicia seguindo coa liña de dinamización da economía dos concellos galegos, creará un plan específico para liñas especiais de subvencións de carácter singular dirixidas ás entidades locais cando por razóns de interese público, social, humanitario ou outras de índole semellante xustifiquen a dificultade da súa convocatoria. Estas subvencións serán canalizadas mediante convenios.



## **MEDIO AMBIENTE AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIAS ESTRADAS PROVINCIAIS QUE SUMAN CASE 6 QUILÓMETROS, A PROL DO CONCELLO DE FORCAREI**

- *Os treitos afectados pertencen á variante de Vilapouca (2.030 metros), Interior de Dúas Igrexas (900 metros), Cachafeiro-Silleda (1.450 m) e A Estrada-Forcarei (1.200 m)*
- *A partir da formalización da entrega o concello encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade de varios tramos de estradas provinciais a prol do Concello de Forcarei, en Pontevedra. Os treitos, que suman un total de 5,8 quilómetros, son: a variante de Vilapouca (EP-7205) que comprende un treito de 2.030 metros; interior de Dúas Igrexas (EP-7208) que abarca 900 m; Cachafeiro-Silleda (EP-7201) que comprende a rúa Dúas Igrexas, e o treito antigo da Ponte o que suma un total de 1.450 m; e A Estrada-Forcarei (EP-7001) con 1.200 m. O cambio vén motivado porque os treitos destas estradas adquiriron características urbanas.

A entrega formalizarase no prazo de dous meses mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. O concello, a partir da formalización da entrega, encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non daren continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas nas cales se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

## **A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E O INEGA IMPULSARÁN MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS EDIFICIOS DA XUNTA DE GALICIA**

O Consello da Xunta deu o visto e prace á addenda do acordo marco de colaboración asinado o pasado mes de decembro pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para a coordinación de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de implantación de enerxías renovables nos edificios públicos da administración autonómica. O importe total da addenda é de 443.000 euros.

Esta actuación, da cal o Inega financiará un 15% do custo dos investimentos nos proxectos que se executen, encáchase dentro do Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética 2011-2013 polo que o Goberno galego pretende acadar un aforro de ata o 40% no consumo de enerxía final da administración pública autonómica. Ademais, a través das liñas de axudas ao aforro e á eficiencia enerxética a Xunta de Galicia sumará un total de 63 millóns de euros de investimento mobilizado nesta lexislatura.

O presente acordo contribuirá á desenvolver as actuacións necesarias nos edificios administrativos de San Caetano, San Lázaro e na Delegación Territorial de Lugo, que ocupan 144.216 metros cadrados de superficie total. O obxectivo será acadar o aforro e a eficiencia enerxética necesarias, potenciando e incorporando fontes menos contaminantes e fomentando o aproveitamento dos recursos.

Así mesmo, as medidas de aforro e eficiencia levaranas a cabo empresas de servizos enerxéticos (ESE), dándose así cumprimento ao Plan de Activación de Empresas de Servizos Enerxéticos (Plan 2000 ESEs), de ámbito nacional e aplicación autonómica, que persegue un aforro nos denominados centros consumidores de enerxía mediante a aplicación de medidas de eficiencia enerxética e a introdución de sistemas de enerxías renovables que garantan un aforro do 20% respecto ao consumo actual.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza deberá iniciar o procedemento administrativo necesario para a contratación dos servizos antes do 30 de setembro de 2012. O Inega asesorará tecnicamente a Consellería de Presidencia no desenvolvemento das actuacións do Plan 2000 ESEs. A addenda terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2012.

**O CONSELLO DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE PONTE DO PORTO, EN CAMARIÑAS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 30 MILLÓNS DE EUROS E A CREACIÓN DE CASE 400 POSTOS DE TRABALLO**

- *O parque empresarial será promovido pola asociación de empresarios “Área Industrial de Ponte do Porto”*
- *O Instituto Galego da Vivenda e Solo será o encargado de tramitar o proxecto sectorial*
- *O proxecto sectorial do parque empresarial de Ponte do Porto pretende dar cobertura ao diseminado de industrias existentes na comarca*

O Consello da Xunta de hoxe acordou declarar de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do parque empresarial de Ponte do Porto, promovido pola asociación de empresarios “Área Industrial de Ponte do Porto”, no concello de Camariñas, que suporá un investimento de máis de 30 millóns de euros e a creación de preto de 400 postos de traballo. Segundo o acordo do Consello, correspóndelle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) a tramitación deste proxecto sectorial. A actuación está recollida no Plan Sectorial de Solo Empresarial de Galicia, que se atopa actualmente en tramitación. Trátase dunha área empresarial sobre a que se definirán entre 60 e 70 parcelas, con superficies entre 500e 2.000 m<sup>2</sup>/parcela. A edificabilidade total lucrativa será aproximadamente de 65.000 m<sup>2</sup>.

A Asociación de Empresarios “Área Industrial de Ponte do Porto”, no concello de Camariñas, foi constituída co obxecto de promover un parque empresarial dada a demanda de solo industrial existente na comarca. Para estes efectos, configúrase como promotora do proxecto sectorial para a implantación da actuación, sendo propietaria de aproximadamente 128.643 metros cadrados no ámbito. Esta asociación está formada por un total de 34 empresarios da comarca, fundamentalmente dos municipios de Camariñas e Vimianzo.

O proxecto sectorial do Parque Empresarial de Ponte do Porto pretende dar cobertura ao diseminado de industrias existentes na comarca localizadas maioritariamente en lugares inapropiados. Trátase polo tanto de posibilitar a concentración ordenada dun número importante de empresas, organizadas en torno á devandita asociación de empresarios “Área Industrial Ponte do Porto”, dispostos a trasladar as súas industrias ou crear outras novas no parque empresarial que se pretende desenvolver, optimizándose os recursos e creándose novas sinerxías que favorecerán o crecemento económico e social da comarca.

Principais características da actuación, segundo o proxecto sectorial:

- o Superficie total do ámbito da actuación: 179.901,54 m<sup>2</sup>

- o Superficie lucrativa industrial: 76.997,55 m<sup>2</sup>
- o Superficie uso terciario: 16.290,82 m<sup>2</sup>
- o Superficie equipamentos: 6.548,59 m<sup>2</sup>
- o Superficie zona verde: 48.614,40 m<sup>2</sup>
- o Superficie infraestruturas: 168,43 m<sup>2</sup>
- o Superficie rede viaria: 31.281,75 m<sup>2</sup>
- o Orzamento total previsto para obras de urbanización (IVE incluído): 8.208.271,54 euros.
- o Prazo de execución (dende a aprobación do proxecto sectorial): catro anos.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBOU A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA REIGOSA (PONTE CALDELAS)**

- ***Permite adaptar o proxecto á realidade topográfica do ámbito e reducir o impacto sobre o núcleo de poboación colindante***
- ***O parque da Reigosa está en fase de venda de parcelas***
- ***O investimento no parque empresarial da Reigosa superou os 29 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial da Reigosa, en Ponte Caldelas.

A modificación puntual do proxecto sectorial ten como obxectivos fundamentais adaptar o proxecto á realidade topográfica do ámbito no que se atopa o parque empresarial e, ao mesmo tempo, lograr unha redución do impacto que produce a actuación sobre o núcleo de poboación colindante.

Así mesmo realizáronse pequenos cambios respecto ao proxecto inicial encamiñados a lograr unha mellora na calidade da urbanización, como son:

- Cambio do localización da parcela de equipamento social comercial.
- Axuste da zona de afección do gaseoduto.
- Cambios na superficie da parcela social comercial e do equipamento deportivo.
- Axustes no contorno do ámbito e das parcelas.
- Prazas de aparcamento.
- Aproveitamento urbanístico.
- Glorieta no acceso dende a estrada de Xustáns.
- Vía de servizo de acceso aos predios colindantes.
- Inclusión do servizo de distribución de gas.
- Cambio da conexión exterior do abastecemento.
- Balsas de decantación para as augas pluviais.
- Conexión da rede de enerxía eléctrica.

O parque empresarial da Reigosa está actualmente en fase de venda de parcelas, despois dun investimento da Xunta de Galicia que supera os 29 millóns de euros.

As superficies do parque empresarial, segundo a modificación puntual do proxecto sectorial aprobada hoxe son as seguintes:

|   | <b>MODIFICACIÓN<br/>PUNTUAL</b> |
|---|---------------------------------|
| <b>SUPERFICIE TOTAL DO ÁMBITO (m<sup>2</sup>) :</b> | <b>493.096,67</b>               |
| Sup. comercial-industrial                           | 286.622,05                      |
| Sup. parque deportivo                               | 3.032,56                        |
| Sup. equipamentos públicos                          | 8.906,50                        |
| Sup. rede viaria e aparcamentos                     | 80.391,69                       |
| Sup. sistema de espazos libres públicos             | 82.405,61                       |
| Sup. zona verde                                     | 5.575,79                        |
| Sup. zona protección mámoas                         | 6.150,09                        |
| Sup. servidume de protección de gaseoduto           | 20.012,38                       |

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSARÁ MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE DE PONTEVEDRA**

- ***Con esta acción potenciaranse e incorporaranse fontes enerxéticas menos contaminantes e fomentarse o aproveitamento dos recursos***

O Consello da Xunta autorizou o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ente adscrito á Consellería de Economía e Industria, para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a coordinación de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de implantación de enerxías renovables na Cidade Infantil Príncipe Felipe de Pontevedra, unha institución pública de carácter educativo e benéfico-social.

Esta actuación, cun investimento de preto de 60.440,70 euros, encádrase dentro do Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética 2011-2013 nas administracións públicas galegas polo que o Goberno galego pretende acadar un aforro de ata o 40% no consumo de enerxía final.

O presente acordo contribuirá a desenvolver as actuacións necesarias na Cidade Infantil Príncipe Felipe, co obxectivo de acadar o aforro e a eficiencia enerxética necesarias, potenciando e incorporando fontes menos contaminantes, e fomentando o aproveitamento dos recursos.

Así mesmo, as medidas de aforro e eficiencia levaranas a cabo empresas de servizos enerxéticos (ESE), axudando á dinamización do mercado deste tipo de empresas e dando cumprimento ao Plan de Activación de Empresas de Servizos Enerxéticos (Plan 2000 ESEs), de ámbito nacional e aplicación autonómica, que persegue un aforro nos denominados centros consumidores de enerxía mediante a aplicación de medidas de eficiencia enerxética e a introdución de sistemas de enerxías renovables que garantan un aforro do 20% respecto ao consumo actual.

A Deputación de Pontevedra deberá iniciar o procedemento administrativo necesario para a contratación dos servizos antes do 30 de decembro, dispoñendo tamén o Inega, para o caso de que o procedemento de contratación sexa por diálogo competitivo, dunha consignación total máxima de 12.000 euros como compensación económica para os dous aspirantes con mellor puntuación que non sexan adxudicatarios.

O aforro e a eficiencia son obxectivos estratéxicos da política enerxética da Xunta, que se centra en impulsar a redución do alto consumo enerxético, coa utilización de recursos renovables, e favorecer o uso racional da enerxía, impulsando medidas de aforro e de eficiencia enerxética.

## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CONSTRUIRÁ UN CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE CANGAS**

- ***A nova instalación estará situada na parroquia do Hío***
- ***Os servizos técnicos do Sergas xa están a traballar na redacción do proxecto desta nova instalación sanitaria***

Os cidadáns do concello de Cangas, sobre todo os que viven nas parroquias de Aldán e Hío, van ver mellorada a atención sanitaria que se lles presta, xa que terán un centro de saúde adecuado ás súas necesidades, logo de que o Consello da Xunta reunido no día de hoxe acepta a cesión da parcela ofrecida polo Concello de Cangas para a construción desta nova instalación que formará parte da rede sanitaria pública galega.

Deste xeito, o Pleno do Concello acordou ceder a título gratuíto un terreo de titularidade municipal formado por seis parcelas sitas no lugar de Vilariño-Liméns, na parroquia do Hío, que conforman un total de 2.196 metros cadrados. Pola súa banda, os servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde xa están a traballar na redacción do proxecto do centro sanitario.

O inmovible que se cede figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Cangas, tanto as parcelas cedidas no acordo plenario, como o resultante da agrupación destas, no tomo 1.865, libro 338 e folio 40, co número 27.334.

A aceptación dos terreos para a construción dun novo centro sanitario en Cangas supón un avance importante na programación realizada pola Consellería de Sanidade para dotar a asistencia sanitaria pública de centros adecuados ás necesidades da poboación.

A pesar da existencia da crise económica actual, a Administración sanitaria galega está a traballar para que a sanidade manteña o nivel que ten neste momento e que se mellore naqueles casos nos que as necesidades sanitarias o demanden.



## **A XUNTA REFORMULA A ORDE DE AXUDAS PARA OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE GALICIA PARA AXILIZAR OS PAGAMENTOS AOS TRABALLADORES**

- ***A Consellería de Traballo e Benestar financia o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas con discapacidade***
- ***O departamento autonómico destina máis de 8 millóns de euros a unha orde de subvencións que axuda a financiar o custo salarial dos traballadores dos 110 centros especiais de emprego que hai en Galicia***
- ***Esta orde correspóndese co pagamento destas axudas de outubro a decembro de 2011, e no primeiro semestre de 2012***
- ***Establécese un novo procedemento que acelera o acceso ás axudas, co fin de satisfacer as demandas destes centros***

A Consellería de Traballo e Benestar adiantará o pagamento das nóminas dos traballadores con discapacidade dos centros especiais de emprego de Galicia. O departamento autonómico aprobou, para acadar este fin, un novo modelo da orde destas axudas.

En concreto, a través desta iniciativa finánciase o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade a través desta orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións van destinadas aos 110 centros especiais de emprego que existen en Galicia.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e bo á orde que establece estas subvencións e que regula os anticipos e os pagamentos á conta destas axudas de ata un 50% da totalidade da axuda concedida, co fin de colaborar co mantemento destes centros e de facilitarlles o seu financiamento. Para este fin, destinarase unha partida de algo máis de 8 millóns de euros.

A orde regula as axudas para as mensualidades que van desde outubro a decembro de 2011, así como para as do primeiro semestre de 2012. Deste xeito, respóndese a unha demanda dos centros especiais de emprego, que solicitaban unha orde plurianual que permitira anticipos co fin de dar continuidade no tempo a estas axudas e non ter que agardar ás ordes anuais para poder percibir as subvencións.

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas instalacións.

A contía das axudas que se perciben por cada persoa contratada oscila entre o 50 e o 75 por cento do salario mínimo interprofesional (641 euros), segundo o grao e tipo de discapacidade.

Destes centros benefíciáanse persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Neste caso accedería á axuda do 75 % do SMI.

Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento cunha axuda do 50 % do SMI que se ampliaría ao 75% se esta discapacidade superase o 65%.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

Entre outras iniciativas, o departamento autonómico estableceu as persoas con discapacidade como colectivo prioritario das políticas activas de emprego. A Consellería ten tamén un programa de fomento da contratación para este colectivo, así como outra iniciativa de emprego con apoio para as persoas con discapacidade que o precisen. O emprego é tamén un dos eixos principais do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade 2010-2013.

## **A XUNTA APROBOU A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66 KV PONTE CALDELAS-PAZOS DE BORBÉN**

- ***O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicoulle o expediente ás comunidades de Amoedo, da Ermida, de Aranza e de Regodobardo***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de "Liña de alta tensión a 66 KV Ponte Caldelas-Pazos de Borbén", sobre a que se cualifica aos montes veciñais en man común de Regodobardo, Aranza, A Ermida e Amoedo, pertencentes, respectivamente, ás comunidades do mesmo nome e situados nos concellos de Ponte Caldelas, Soutomaior e Pazos de Borbén, na provincia de Pontevedra.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, o Servizo de Montes de Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente ás comunidades afectadas. No período de audiencia as comunidades propietarias non formularon ningunha alegación.

### **Expediente**

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo deste, propuxo que se informase favorablemente esta prevalencia. A superficie de afección que corresponde a cada monte é de 33.226 metros cadrados (Regodobardo); 21.136 metros cadrados (Aranza); 5.016 metros cadrados (A Ermida); e 39.614 metros cadrados (Amoedo), de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXENERACIÓN DE ZONAS C DO MES DE AGOSTO**

- ***Os pagamentos efectuaranse ás confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña, Baiona e de Raxó, Lourizán e Pontevedra***

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos do mes de agosto de rexeneración de zonas C para as confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña, Baiona e de Raxó, Lourizán e Pontevedra (Agrupación Lonxa de Campelo).

As cantidades que se deben remitir ás confrarías polos labores de rexeneración das zonas C supoñen un total de máis de 454.100 euros, correspondendo á confraría da Coruña máis de 25.300 euros, aos de Ferrol máis de 261.200 euros, aos de Barallobre preto de 103.000 euros, aos de Miño máis de 22.000, aos de Pontedeume máis de 11.300 euros, aos de Baiona algo máis de 6.300 euros e ás confrarías de Raxó, Lourizán e Pontevedra arredor de 25.000 euros.

Simultaneamente, a Consellería do Mar traballa na busca das localizacións máis axeitadas no litoral galego para o desenvolvemento dun sistema de reinstalación para os moluscos procedentes das zonas C, de xeito que os mariscadores poidan volver a desenvolver unha actividade normal coma o resto das confrarías, sen ter que depender de subsidios. Con este sistema prevese que se poida recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AFORRA MÁIS DE SEIS MILLÓNS DE EUROS AO ANO GRAZAS AO PLAN INSPECTOR DE CONTROL DAS BAIXAS LABORAIS**

- *Este control trata de comprobar que o absentismo se adecua a situacións clínicas reais que xustifiquen o repouso como parte do tratamento clínico*
- *No ano 2011 nos centros asistenciais do Sergas existen preto de 200 baixas laborais menos ao día que en 2008 e, ademais, as baixas duran 5 días menos*
- *Na actualidade, dispónse de 82.400 días máis de empregados públicos no seu posto de traballo respecto ao 2008*
- *Con esta medida posta en marcha por Sanidade, incrementase a eficiencia dos servizos públicos*
- *Sanidade quere destacar a implicación de todos os axentes que interveñen neste programa de control*

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe tratou un informe da Consellería de Sanidade referido á evolución sobre o control da incapacidade temporal realizada pola Inspección de servizos sanitarios sobre o persoal de centros propios do Sergas, e que abrangue o período 2008-2011.

Este control inspector trata de comprobar que o absentismo se adecue a situacións clínicas reais que xustifiquen o repouso como parte do tratamento clínico, o que permite, por un lado, evitar a potencial existencia de situacións de incapacidade temporal que desvirtúen a existencia desta prestación que afectan o clima laboral de todos os traballadores, ao tempo que se incrementa a eficiencia dos servizos públicos; e, por outro lado, redúcense as repercusións económicas que recaen sobre os orzamentos da Xunta por prácticas abusivas ou incorrectas no acceso a esta prestación (diminución de gasto por detección de situacións de fraude).

Esta actuación incorpórase como programa especial no Plan de Prioridades de Inspección Sanitaria para o trienio 2011-2013 coa fin de contribuír a unha xestión máis eficiente nas estruturas asistenciais do Sergas.

A Consellería de Sanidade quere destacar que a diminución continuada dos indicadores de seguimento implica un sobreesforzo e implicación de todos os axentes que interveñen neste programa de control.

### **Diminución de todos os indicadores**

Do informe despréndese que no que atinxe á incidencia que é o indicador que refire aos novos procesos de baixa xerados nun momento determinado (período en estudo), foi no 2008 de 65,30; mentres que no 2011 foi de 39,31, o que representa unha diminución de arredor do 40%.

Respecto da prevalencia, que é o indicador que se refire ás baixas activas acumuladas no período en estudo, no ano 2008 nos centros Sergas era de 6,11 e no 2011 de 4,73; o que representa unha diminución de preto do 23%.

No que atinxe á duración media, indicador que refire á duración media en días de incapacidade temporal dos procesos de baixa laboral no período en estudo nos centros Sergas, no ano 2008 foi de 45,31 e no 2011 de 40,08; é dicir, unha diminución de preto do 12%.

No tocante á taxa global de absentismo, que é o indicador que reflicte a evolución global que atinxe aos días consumidos en situación de incapacidade temporal referida a todas as baixas activas ata o momento do estudo, no 2008 era do 7,51 e no 2011 foi de 5,31; é dicir, unha diminución de preto do 30%.

A diminución de todos os indicadores anteriores reflicte que no ano 2011, nos centros asistenciais da rede do Servizo Galego de Saúde, existen preto de 200 baixas laborais menos ao día, e os procesos de baixas activas existentes duran 5 días menos que respecto ao 2008.

### **Seis millóns anuais de aforro**

Cuantificando o anteriormente sinalado en diminución de gasto orzamentario público, supón que a cidadanía dispón de 82.400 de días máis de empregados públicos dos centros asistenciais do Sergas no seu posto de traballo, o que trae como consecuencia un aforro de arredor de 6 millóns de euros ao ano para a Xunta de Galicia respecto de 2008, ademais de obter maior eficiencia dos servizos sanitarios dispensados.

Asemade, dos datos anteriores despréndese que a diminución global de todos os indicadores de seguimento da incapacidade temporal é resultado da implantación estratéxica na inspección de servizos sanitarios de dirixir e reforzar novas actuacións sobre o médico prescriptor da baixa médico-laboral, tanto a través de visitas inspectoras ás consultas médicas para colaborar co facultativo á revisión e seguimento dos procesos abertos da súa cota, como na implantación de cursos de formación e concienciación nesta disciplina dirixidas a este colectivo nas propias xerencias, impartidos polos Servizos de Inspección Sanitarios. Estas visitas organízanse coa colaboración dos equipos directivos dos centros.

As actuacións priorizadas e reforzadas dende o ano 2010, conseguen, na actualidade, continuar cunha diminución nos indicadores de seguimento, co fin de acceder a esta prestación de forma racional e evitar prácticas incorrectas ou abusivas que, finalmente, estarían a mermar o clima laboral dos centros así como comprometendo o deber da Xunta de Galicia de garantir a máxima eficiencia dos servizos sanitarios que se deben dispensar á cidadanía.

Destacar, así mesmo, o número de entrevistas levadas a cabo no período referido, realizadas entre o persoal inspector de servizos sanitarios e o facultativo médico prescriptor de incapacidade temporal, que no 2008 foron 251, aumentando ata 457 no 2009, pasando por 481 no 2010 e chegando á cifra de 694 no 2011, sendo, neste último caso, dato a 25 de setembro do ano en curso.